


## Un ano máis, o profesorado perde poder adquisitivo. O acordo dos sindicatos estatais co anterior goberno do PP coloca de novo ao profesorado en cifras negativas ao respecto do IPC.

2018: UN ANO MÁIS PERDENDO PODER ADQUISITIVO



Logo de publicarse a Lei de Orzamentos do Estado para o 2018, na que se fixa un incremento salarial para o persoal do sector público do 1,5%, de xaneiro a xuño de 2018 e cando xa se coñece o dato do IPC interanual acumulado ata o 30 de xuño, que se sitúa no 2,3%, constátase o que a CIG xa prevía cando rexeitou na Mesa Xeral de Negociación do Estado o Acordo asinado polos sindicatos estatais; daquela xa dixemos que era un pésimo precedente desvincular os nosos salarios do IPC, e o tempo non tardou máis que tres meses en darnos a razón: á perda de poder adquisitivo acumulada dende o ano 2010 vén sumarse agora unha nova desviación derivada deste Acordo, que xa supón unha perda do 0.8% en 6 meses, co que a perda de poder adquisitivo no período 2010 – 2018 chega xa ao 14%.

### No que queda de ano, un 0,25% máis.

Na segunda metade do ano haberá un pequeno “aguinaldo” do 0,25% o que suporá que até setembro a suba chegue ao 1,75% (o que implica que a suba anula fiquen no 1,62%) cando todas as previsións do IPC a finais de ano superan o 2%. Por tanto, todo indica que a perda de poder adquisitivo se consolidará en decembro se antes non se rompe o Acordo estatal.

### A CIG demanda do novo goberno estatal a superación do Acordo e unha cláusula de garantía salarial.

A CIG vai demandar da nova ministra de Facenda un plan de recuperación do poder adquisitivo perdido que supoña na práctica a superación do mal acordo asinado por CCOO, UGT e CSIF con Montoro. Que no primeiro ano de aplicación do

acordo nos atopemos xa cunha perda tan elevada de perda da nosa capacidade para facer fronte á carestía da vida é un síntoma claro do mal que se fixeron as cousas.

O primeiro, para a CIG, debe ser blindar calquera posíbel acordo cunha **cláusula de revisión salarial** que impida que os soldos estean por baixo do IPC. Isto implicaría, botar por terra o principal logro do goberno do PP que alegremente subscribiron os sindicatos estatais: a vinculación das subas salariais ao Produto Interior Bruto (PIB).

En segundo lugar, para a CIG é fundamental **revisar o acordo asinado e conseguir unha auténtica recuperación salarial** despois de 9 anos de sangría retributiva para o profesorado e o conxunto dos e das traballadoras do sector público.

En terceiro lugar, a CIG manterá o seu **rexeitamento ao tope do 0,3% que o Estado lle “permite” ás diferentes administracións para mellorar o raquíctico acordo estatal**. Esa limitación debe eliminarse e a Xunta debe asumir unha negociación que nos leve á recuperación dos recortes que a propia Xunta converteu nos maiores do Estado (pagas extras 2013-2016) e que, no caso do **profesorado**, permita afrontar unha negociación real, lonxe da fraude que supuxo a oferta da Consellaría a finais do curso 2017/18.

ANO	IPC ESTADO	VARIACIÓN SALARIAL	DIF ESTADO
2010	3,1%	-5%	-8,1%
2011	2,5%	0%	-2,5%
2012	2,6%	0%	-2,6%
2013	0,5%	0%	-0,5%
2014	-1%	0%	1%
2015	-0,2%	0%	0,2%
2016	1,6%	1%	-0,6%
2017	1,1%	1%	-0,1%
2018 (até xuño)	2,30%	1,50%	-0,8%
<b>TOTAL</b>	<b>12,50%</b>	<b>-1,50%</b>	<b>-14,00%</b>

Fonte dos datos do IPC: INE.

## Pagas extras, aínda incompletas

A responsabilidade de que as pagas extras se manteñan aínda incompletas é exclusiva do Estado, que mantén recortado o salario base e os trienios. Desde a CIG tamén demandaremos da nova ministra de Facenda a recuperación deste dereito e a pago íntegro das pagas extras.

## OS NOSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
santiago@cig-ensino.gal

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
acorunha@cig-ensino.gal

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
baixomiño@cig-ensino.gal

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
morrazo@cig-ensino.gal

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
ferrol@cig-ensino.gal

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, Baixo  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
lugo@cig-ensino.gal

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
ourense@cig-ensino.gal

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasertería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
pontevedra@cig-ensino.gal

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
amarinha@cig-ensino.gal

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
verin@cig-ensino.gal

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
vigo@cig-ensino.gal

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
salnes@cig-ensino.gal